

Dossier III

Sobre o desenvolvemento da xornada de folga xeral de 27 Xaneiro 2011



Introdución

En resposta à convocatória de folga xeral contra a aprobación de medidas restritivas de dereitos laborais, na xornada do pasado 27 de Xaneiro producíronse paros en numerosas empresas da Galiza e desenvolveron-se manifestacións en defensa deses dereitos nas ruas das principais cidades e vilas galegas.

Como estaba previsto, a xornada reivindicativa iniciouse xa na madrugada do día 27 con a actuación de piquetes informativos nos polígonos industriais e ás portas das empresas.

Segundo a información reunida e contrastada por EsCULcA, antes da xornada reivindicativa e no decurso desta, a actuación das forzas e corpos de seguranza do estado evidenciou máis unha vez que existen carencias graves no entendemento que os membros destes corpos teñen do papel que lles corresponde xogar, e os límites da súa intervención, cando se producen situacións de expresión colectiva de unha protesta ou unha reclamación no exercicio de dereitos recoñecidos por lei.

Resumimos a seguir aqueles casos de que temos coñecemento directo.

Día 26

A noite do 26, sobre as 22:00 horas, un grupo de sindicalistas foi obxecto de control diante da empresa Papelera Brandia cando informaban os traballadores das razóns da folga xeral. Diante da empresa os axentes limitáronse a observar e tomar nota das matrículas dos vehículos dos sindicalistas mas, posteriormente, un membro do piquete, R.N., veciño do Concello de Teo, foi seguido por un vehículo da Policía Nacional (PN) cando se dirixía ao seu domicilio. À altura da parroquia de Cacheiras, o vehículo policial abandonou a persecución.



Dia 27

Identificacións e rexistos

Desde primeira hora, os membros dos piquetes informativos que se dirixían aos diferentes polígonos industriais ou se reunían ás portas das grandes factorías encontraron-se con dispositivos policiais desmedidos e foron obxecto de identificacións e rexistos corporais xeneralizados e sen xustificación. Nalguns casos, estes rexistos inxustificadas incluíron vehículos, como aconteceu nas proximidades da factoría de Citroën en Balaídos onde axentes da P.N. procederon a rexistar o automóvel de A.S. despois de a propietaria o ter estacionado para reunir-se con outras persoas que formaban un piquete informativo.

Tamén foron obxecto de rexisto corporal e identificación en ausencia de calquer tipo de infracción ou indicio de intención de cometé-la persoas que circulaban lonxe dos núcleos industriais. Nalgunha ocasión, esas identificacións e rexistos foron realizados por mais de unha dotación policial. Tal foi o caso do viciño de Ourense F.B., a quen identificaron e rexistaron axentes de tres dotacións (da PN e a Policía Autonómica (PA)) na madrugada do día 27 cando circulava en compañía de outras dúas persoas na zona urbana.

En Compostela, sindicalistas que chegaban à sede da CIG, sita en Miguel Ferro Caaveiro, núm. 10 -entre eles R.N. que fora obxecto de persecución policial poucas horas antes- foron identificados e rexistados. Nalgun caso tamén foron rexistados os seus vehículos. Pouco mais tarde, cando algúns destes sindicalistas voltaron saír para acudir a un piquete que fora detido por axentes da PN a apenas 100 metros da sede do sindicato, un dos axentes dirixiu-se a R.N., que manifestara antes a súa opinión sobre o feito de identificacións constantes poderen vulnerar o dereito de deambulación, e exclamou: "Tu estuviste ya en nuestros calabozos e sabes lo que hacemos allí", para a seguir indicar-lle que a noite anterior escapara porque fixera "una maniobra disuasoria". O que leva a pensar que os axentes coñecían perfectamente a identidade do sindicalista e o seu anterior domicilio, aínda que non é fácil entender as razóns que podería haber para o perseguiren.



R.O., responsable do sindicato, expresou o seu desacordo por esta actuación manifestamente abusiva e ilegal dos axentes. Estes responderon apresentando denuncia contra R.O. por "Faltas respecto agente autoridad, entorpecer la labor policial en una identificación rutinaria, asi como manifestar que iba a denunciar porque no tenian competencia en dicha identificación era ilegal".

Cargas policiais

Comarca de Ferrol

No Polígono da Gándara (Narón), nas instalacións do concesionario de vehículos Bouza Car, a Policía Nacional cargou inesperadamente contra os membros de un piquete cando estes reclamaban a liberdade de un dos seus compañeiros retido polos axentes sen razón manifesta.

À carga policial sumou-se un vixiante de seguranza da empresa Eulen que traballa no complexo comercial Odeón (situado en frente de Bouza Car). Ao presenciar a intervención policial, o vixiante atravesou rapidamente a rua e comezou a mallar nos membros do piquete con unha porra desdobrável sen que os axentes da policía tentasen impedir en nengun momento unha actuación tan manifestamente ilegal.

O resultado da violenta carga policial, reforzada por este colaborador privado, foron numerosas persoas lesionadas. Unha desas persoas foi N.C. (delegada sindical) a quen lle abriron unha fenda profunda na cabeza que requereu asistencia médica e varios puntos de sutura.

Cando N.C. estaba recibendo asistencia médica, un grupo de axentes apresentou-se no centro de urxencias onde era atendida para averiguar a sua identidade. Segundo todos os indicios, para proceder a presentar denuncia contra a agredida.

A CIG apresentou denuncia por via penal e anunciou que esixirá explicacións ao Delegado do Goberno na Galiza pola violenta actuación policial.



Vigo

Uns 40 sindicalistas que saían da sede do sindicato CUT na rua Policarpo Sanz de Vigo pouco despois da meia-noite puideron comprobar que eran seguidos por membros da VIII Brigada de Intervención Policial.

Cando o grupo estaba na rua María Berdiales (por volta da 1:30 da madrugada) os axentes cargaron. Segundo consta no atestado policial, terian visto un membro do piquete meter pequenos paus nos fechos de varios establecementos.

No decurso da carga, un dos axentes caiu ao chan e nese momento, afirma-se no atestado, un individuo aproveitou para verter por riba del "un líquido amarillo fuertemente oloroso, al parecer purín".

Os axentes conseguiron interceptar un dos membros do piquete, T.M.R., e foi tal a malleira que lle propinaron que o agredido tivo de ser ingresado inconsciente no hospital. Ignoramos por agora a importancia das lesións.

Tamén en Vigo, en torno às 04:00 horas, na Av. de Madrid, foron detidos 5 sindicalistas despois de unha persecución en coche. Os cinco foron trasladados a comisaria e postos en liberdade horas despois sen seren conducidos ao xulgado.

Incumprimento das normas

Ourense

En Ourense, o advogado F.B. pudo comprobar que moitos dos axentes do dispositivo da cidade non cumprian a instrución de uniformidade e identificación legal.

Un destes axentes, ao sentir-se observado por F.B., preguntou-lle desabridamente que facía e cando este respondeu que tentaba ler o número de identificación, o axente arrancou a placa con xesto rápido. F.B. recriminou-lle esta actuación e indicou-lle que tiña obrigaón de a levar para poder ser lida à "distancia de respeito", o que provocou a intervención do xefe do dispositivo.



Despois deste incidente, F.B. pudo constatar que practicamente nengun dos axentes do dispositivo cumpría a instrución.

Vigo

Os axentes que formaban o dispositivo policial instalado nas proximidades da factoría viguesa de Citroën impediron o piquete informativo desenvolver o seu cometido argumentando que os traballadores estaban xa "suficientemente informados". Os membros do piquete tiveron que limitar-se a corear consignas sen que lles fose permitido falar con os traballadores da empresa que entraban na factoría nen entregar-lles manifestos.

Denúncia da presión policial

Por outra parte, D. José Freire, Secretário do Sindicato Unificado de Policía, denunciava poucos días despois do 27 de Xaneiro, nun artigo publicado no xornal electrónico *Galicia Confidencial*,ⁱ a presión que segundo el "por parte dos responsables políticos do Ministerio do Interior e dos responsables policiais politizados, están a sufrir os mandos policiais a tódolos niveis". Presión policial que se traduciría na práctica do que el mesmo denomina "cultura do 'palote'" consistente en "facer identificacións indiscriminadas coa intención de cadralo balance de resultados da delincuencia".

Non é preciso subliñar a gravidade dos feitos que o Sr. Freire denuncia. As ordes recollidas na "instrución de facer identificacións indiscriminadas" son, como el mesmo afirma, "manifestamente ilegais" e o "afán de fomentar unha xustificación policial en base a estatísticas, rematan supoñendo unha vulneración dos dereitos dos cidadáns".

Por outra parte, como o propio Secretário do Sindicato Unificado de Policias lembra, "existe xurisprudencia dabondo, tanto do Tribunal Constitucional como do Tribunal Supremo, que establecen claramente os indicios que se teñen que producir para que os policías podan identificar a alguén: que se cometeu un delito, de que se vai a previr ou que se está cometendo algunha infracción."

Nada disto acontecía en numerosas identificacións levadas a cabo por axentes dos diferentes corpos policiais o 27 de Xaneiro e todo leva a pensar que



a instrución en que se imparten esas ordes manifestamente ilegais a que alude o Sr. Freire está na orixe desas actuacións abusivas que denuncian as organizacións sindicais.

Galiza, 5 de Febreiro 2011

ⁱ) José Freire, "Presión policial", G.C.,30/01/2011 (<http://www.galiciaconfidencial.com/nova/7075.html>)

